



RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

De conformidade coas atribucións que me confire o artigo 21 da vixente Lei de Bases do Réxime Local 7/1985, do 2 de abril,

RESOLVO:

Convocar sesión ordinaria da Corporación Municipal para o **día 18 de maio de 2016, ás 20,00 horas, na Casa do Concello**, para tratar o seguinte Orde do Día

ORDE DO DÍA

- 1º) **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior correspondente á levada a cabo o día 19 de abril de 2016.**
- 2º) **Dar conta dos Decretos ou Resolucións ditadas pola Alcaldía ou Concelleiros delegados, durante o periodo comprendido do 4 de abril ó 6 de maio de 2016.**
- 3º) **Toma de razón da renuncia presentada o 25 de abril de 2016 por dona M^a José González Aparicio, como concelleira do grupo municipal Alternativa Ciudadana de Ponteareas e que se remita á Xunta Electoral Central para a remisión da credencial do correspondente concelleiro electo tendo en conta a dilixencia da Secretaria Xeral sobre renuncia de data 11 de maio de 2016.**
- 4º) **Dar conta da liquidación do Orzamento municipal correspondente ó exercicio económico do 2015.**
- 5º) **Dar conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Orzamentaria, da regra do gasto e do límite da débeda con motivo da liquidación presupostaria do 2015.**
- 6º) **Dar conta do Estado de liquidación do Orzamento municipal correspondente o primeiro trimestre do 2016.**
- 7º) **Proposta de Alcaldía de data 5 de maio de 2016 de amortización de prazas vacantes en execución do Plan de Axuste aprobado pola Corporación no marco do RD Lei 8/2013 do 28 de xuño de medidas urxentes contr a morosidade das Administracións Públicas e de apoio a EELL con problemas financeiros.**
- 8º) **Proposta de modificación do Cadro de Persoal/ Plantilla de data 10 de maio de 2016, consistente na modificación das retribucións e requisitos de acceso da praza de Técnico de Intervención e amortización da praza 1.01.36 de Oficial 3^a oficios varios.**
- 9º) **Proposta da Alcaldía sobre aprobación inicial do Orzamento municipal para o exercicio económico do 2016, sobre declaración de indispoñibles dos créditos orzamentarios adscritos a prazas vacantes e sobre recoñecementos extraxudiciais.**



CONCELLO
DE
PONTEAREAS

(Pontevedra)

10º) Aprobación, se procede, do Plan Económico-Financeiro, por incumprimento da regra de gasto na Liquidación do Orzamento correspondente ó exercicio económico do 2015.

11º) Dar conta do informe de Intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de Estabilidade Presupostaria e do límite da débeda con motivo do Orzamento Municipal para o 2016.

12º) Proposta de declarar inadmisibles os recursos de reposición entablados polos sindicatos CSFI e CCOO sobre a amortización de 2 prazas de Administrativos, 1 praza de Delineante e 1 praza de Director da Estación de Autobuses na Plantilla de Persoal.

13º) Proposta de aprobación inicial do Regulamento Interno de Acción Voluntaria do Concello de Ponteareas.

14º) MOCIÓNS

14.a) Moción presentada o 22 de febreiro de 2016, por Esquerda Unida (EU-Son), en relación á proposta de adhesión á campaña BDS, contra a Apartheid Israelí.

14.b) Moción presentada o 17 de marzo de 2016 polo Grupo Municipal Socialista (GMS) sobre rexeitamento do acordo alcanzado entre os Xefes de Estado e do Goberno da Unión Europea con Turquía sobre a devolución a Turquía dos emigrantes e outros aspectos.

14.c) Moción presentada o 6 de abril de 2016, por Esquerda Unida (EU-Son), para o control da abespa velutina.

14.d) Moción presentada o 6 de abril de 2016, polo Bloque Nacionalista Galego (BNG) para o apoio ós taballadores autónomos da Cooperativa Servicarne, que traballan en Frigolouro.

14.e) Moción presentada o 7 de abril de 2016, por Esquerda Unida (EU-Son), sobre a confesionalidade do Concello.

14.f) Moción presentada o día 28 de abril de 2016 polo PP, para recuperar o Plan de Acción Comunitaria (PAC)

14.g) Moción presentada o día 3 de maio de 2016, polo PP para instar ó goberno municipal a iniciar expediente de modificación da Ordenanza fiscal do imposto sobre Incremento do valor dos terreos da natureza urbana, para engadir unha nova bonificación.

15) Comparecencia interesada polo Partido Popular o 10 de marzo de 2016 (registro 1978), para que o Alcalde dé explicacións sobre as empresas contratadas polo concello para levar a cabo diferentes traballos (desbroces en diversas pistas municipais, traballos de matnemento e reparación eléctrica municipal, asistencia e preparación de expedientes administrativos, etc.)

16º) Rogos e preguntas.

Mandao e asinao o Sr. Alcalde, don Xosé Represas Giráldez, en Ponteareas once de maio de dous mil dezaseis.

Ante min
Secretaria Xeral.